



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE **DATA DO 06/08/2015**

Concelleiros electos asistentes:

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)
Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)
Dona Eva Arias Aira (PSOE)
Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)
Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)
Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)
Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)
Don José Pinto Álvarez (A.V.)

Concelleiros que non asisten:

Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)

Secretario:

D. Rodrigo Blanco Nóvoa

En Vilamartín de Valdeorras, sendo as 19:30 horas do día 6 de agosto de 2015, no salón de actos da Casa do Concello, reúnese a corporación municipal a fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Alcalde D. Enrique Álvarez Barreiro, coa asistencia dos concelleiros relacionados ó marxe.

Da fe do acto o Secretario-Interventor do Concello D. Rodrigo Blanco Nóvoa.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, trala comprobación polo Secretario do quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA DO 26/06/2015.

O Sr. Alcalde pregunta ós membros da Corporación se teñen algunha corrección que facer á devandita Acta plenaria que foi facilitada ós Concelleiros/as xunto coa notificación desta sesión.

Non se fai ningunha corrección, aprobándose as mesmas co voto a favor da unanimidade dos presentes.

2.- DAR CONTA Ó PLENO DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO.

Neste punto, o Sr. Alcalde diríxese ó Pleno nos seguintes termos (exponse literalmente a intervención do Alcalde):



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

"Para dar conta ó pleno e aos veciños deste concello, pedimos un informe a intervención, o cual encóntrase en poder de todos os concelleiros e basándonos nel, imos dar conta dun dos aspectos mais importantes deste desfase económico, como son as facturas que nos encontramos sin crédito orzamentario.

No punto primeiro do informe o interventor advírtenos que a lei dice que un Alcalde non pode gastar sin control e que non pode deixar facturas sin pagar dun ano para outro.

No punto segundo infórmanos que entre os meses de abril e xuño tiveron entrada no concello facturas por unha cantidade moi elevada, 158.000 (cento cincuenta e oito mil) euros, tamén dicenos que isto non é o habitual deste concello. Isto significa que a Alcaldesa dese momento pode gastar a maos cheas, así sen mais.

Terceiro.- Que ninguna destas facturas tiña crédito presupuestario. Dito mais claro, que se gastou sabendo que non tiña diñeiro e sin saber siquera, como o iba pagar.

Que non fixo caso do que o secretario decíalle que tiña que facer.

Dice a lei de facendas locais e na base de execución do Orzamento ,e leo de xeito literal:

"1.-Cuando un concejal considere necesario reter total o parcialmente crédito dunha aplicación presupuestaria, formulara a proposta razonada á intervención Municipal.

2.-A retención de crédito é o documento, que expedido pola intervención, certifica a existencia de saldo adecuado e suficiente, para a autorización dun gasto, producíndose enton unha reserva para dicho gasto.

3.-A suficiencia de crédito verificará-se e as retencions de crédito expedirán-se polo interventor,"

Polo tanto, (e esto dígoo eu coas miñas palabras, non o interventor) que a Sra Alcaldesa de enton fixo o que lle diu a gana.

Cuarto punto.- Do estado de execución deste orzamento municipal neste momento, di o interventor que non existe crédito presupuestario disponible para facer frente as obrigacións derivadas de ditas facturas, nin a nivel de partida, nin a nivel de vinculación xurídica, xa que o importe total desas facturas supera amplamente o presuposto co que estamos a traballar na actualidade.

A continuación neste punto, explicanos con detalle partida a partida o desfase existente.



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Dicenos que ten facturas pendentes polo importe de mais de 190.000 euros (cento noventa mil), e polo tanto e imposible de pagar, mais tendo en conta que ainda faltan cinco meses para rematar o ano 2015.

En resumen que nestos meses antes das eleccións o goberno anterior gastouse todo o diñeiro que temos no presuposto, deixou unha deuda moi importante, que xa temos comentado antes e dito os seus veciños, en un alarde de irresponsabilidade e saltándose todas as leyes...arréglate como poidas.

A esta concejala do PP o mellor debe facerlle gracia. Menudo marrón que deixa para que resolvablen os outros.

Pero a nos, non nos fai ningunha gracia, porque o problema será dos nosos veciños. Non e só destes concelleiros, e do noso pobo, que cando teña unha avería e non teña auga nas suas casas acordará-se de esta muller irresponsable.

Quinto punto.- Nos pedimos un informe das facturas da empresa ALQUIMAC O BARCO S,L. que son a parte mais importante desas facturas sin crédito presupuestario. Unha empresa que foi creada hai un ano e que presentou un total de 36 facturas entre o 14 de abril e o 4 de xunio deste ano (en un periodo de 45 días) por un importe total de 122.152,28 euros. Facturas numeradas de forma correlativa desde o número 6 ao 42.

Esto a nos cheiranos moi mal.

Unha empresa que creada de supeto, no que o capital social é un coche mercedes, que parece que o único cliente que ten ata xunio deste ano e o concello de Vilamartín, e que fae trampas na facturación co consentimento da sra Candal.

E digo trampas, porque Vostede sabe que e imposible dar a dedo unhas obras polo valor de 122.000 euros, enton para que sexa legal o feito, deciden partir a factura en moitos cachiños.

Limpeza do pobo de San Vicente 4767.40 euros, limpeza do pobo de san vicente 4927.70 euros, Limpieza de Córghomo , Limpieza das gralleiras , limpeza de Baxeles, etc etc e así , cando se trata simplemente da limpeza do concello. Trampa e mais trampa,

Pero estas facturas , como todas deben ser aprobadas co apoio da Comision de Goberno, o sr. Rodriguez e o Sr. Quintas. Pero parece que eles non queren saber nada destes lios e non firman mais que 4 delas. No resto - 101.709 euros-, só aparece o visto bo da Sra. Candal.



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Sexto punto.- Neste punto o interventor indicanos que de cualquier xeito deberemos acudir a un recoñecemento extrajudicial de crédito, o que supón unha quiebra do principio da anualidade orzamentaria, o tempo que non pode facer obviar o incumprimento da prohibición que establece o artigo 173.5 do texto refundido da lei Reguladora de facendas locais, de compromisos de gastos por importe superior o crédito autorizado, circunstancia que poderá determinar a existencia de responsabilidade de quen efectuara o gasto.

A traducción pode ser que a anterior alcaldesa non se vaia de rositas e teña que afrontar co seu patrimonio dito gasto.

O mesmo tempo, todo este volumen extraordinario de facturas imposibilitan cumprir o prazo legalmente establecido para o pago dos provedores do Concello, así como o cumprimento da lei orgánica do 2/2002 de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira."

Unha vez que o Alcalde da conta da situación económica do Concello, fai uso da palabra Dña. M^a Jesusa, voceira do P.P., dicindo que se o Alcalde ve algunha ilegalidade ou irregularidade na súa xestión económica que acuda ao xulgado; e que a situación económica do Concello non é tan mal xa que ten pendente de percibir nas arcas municipais ingresos por un importe total duns 600.000 euros.

Seguidamente intervén o Sr. Deramond, voceiro do PSOE, que expón que do que se trata e de depurar as responsabilidades ata o día de toma de posesión da nova corporación (o 13 de xuño de 2015).

Manifesta que:

"Non é verdade o que di a Sra. Candal; existe unha clara incompetencia da anterior Alcladesa nestos temas.

Todo o que di este grupo de gobernó cúmprese, ó revés, non.

No seu mandato produxéronse situación de incompatibilidades por Concelleiros que contrataron co Concello, mediante contratas e subcontratas de obra encubertas.

Tamén se efectuou no seu mandato contratación de persoal a través da empresa encargada da confección da páxina web do Concello, e se facturaron cursos de informática para a contratación dunha persoa.

En conclusión, que a situación na que se deixa o Concello é moi mala."

Dña. M^a Jesusa insiste en que os ingresos que ten que ingresar o Concello neste exercizo son certos e verídicos, ascendendo a unha cantidade aproximada de 627.000 euros, o que reflexa que a situación non é tan



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

mala; e que no seu mandato non se lle fixo ningún informe negativo nin reparos por Intervención.

A isto responde o Sr. Deramond dicindo que segue a repetir o mesmo dito anteriormente, e que é o normal que o Concello reciba diñeiro anualmente como todos os demais municipios, como xa debería saber; pero que a pesar diso o Concello vese na situación que antes explicou.

Por último, Dna. M^a Jesusa roga ó grupo de gobernó que aprobe o Orzamento correspondente ó exercizo 2015; e que realice medidas como as de aforro enerxético ou pedir autorizacións para créditos, que poden paliar a situación económica actual.

Remarcando ó respecto o Sr. Deramond que ó final a solución á súa desfeita de xestión terá que buscala este novo grupo de goberno.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2015.

O Sr. Alcalde propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

“Vista a necesidade de aprobar o gasto e pagar diversas facturas correspondentes o ano 2014 por compromisos legalmente adquiridos, que non se puideron aplicar ós Orzamentos de ditos exercizos, por insuficiencia de crédito nas diferentes partidas e haberse presentado no Concello no presente ano 2015.

Visto o establecido nos artigos 176 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 26 e 60.2 do Real Decreto 500/1990, incóase o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos (REC 2/2015), para que, previo os preceptivos informes de secretaría e intervención, poidase someter á súa aprobación ó Pleno do Concello.

Conforme o anterior, proponse a aprobación das seguintes facturas e a súa aplicación ó Orzamento do exercizo 2014, prorrogado para o 2015, con cargo ás partidas que a continuación se indican:

PROVEEDOR	CONCEPTO	Nº E DATA	PARTIDA	IMPORTE
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FACTURACIÓN DEPENDENCIAS OUTUBRO 2014	2 RECIBOS do 05/10/14 e 2 RECIBOS DO 10/10/14	92-221	849,44 €



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

SARO VAZQUEZ FERNANDEZ	SUBMINISTRACIÓN MATERIAL LIMPEZA PARA A GARDERÍA	0000945/15 do 29/11/2014	32-221	1.139,37 €
SARO VAZQUEZ FERNANDEZ	SUBMINISTRACIÓN MATERIAL DE LIMPEZA PARA O COLEXIO PÚBLICO	0000946/15 do 29/11/2014	32-221	1.217,72 €
JOSÉ ARCOS ÁLVAREZ (ABOGADOS)	ASESORAMENTO XURÍDICO CONCELLO	002/13 do 16/01/2013	92-227	750 €
AUTOVELMA VALDEORRAS, S.L.	SUBM. E MANT. DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	A/459 do 31/10/2014	16-213	258,70 €
AUTOVELMA VALDEORRAS, S.L.	SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	A/460 do 31/10/2014	16-213	301,90 €
AUTOVELMA VALDEORRAS, S.L.	SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	A/461 do 31/10/2014	16-213	508,20 €
AUTOVELMA VALDEORRAS, S.L.	SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	A/462 do 31/10/2014	16-213	105,27 €
AUTOVELMA VALDEORRAS, S.L.	SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	A/463 do 31/10/2014	16-213	381,15 €

Toma a palabra Dna. M^a Jesusa preguntando a qué se corresponde a factura de "Arcos Abogados"; contestándolle o Sr. Alcalde que é dos honorarios dos servizos xurídicos prestados polo avogado que lles asesoraba cando gobernaron a vez anterior, e que non fóron pagados ata agora, o contrario que oa seu avogado.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS DOUS FESTIVOS LOCAIS CORRESPONDENTES PARA O ANO 2016.

O Sr. Alcalde informa ó pleno que a deliberación deste asunto retírase da orde do día, quedando aprazado o súa deliberación para outra sesión posterior.



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

5.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDIA.

Dase conta dos seguintes Decretos ditados pola Alcaldía desde a última sesión plenaria ata a data de convocatoria do Pleno: 80 decretos entre las fechas 20-01-2015 al 03-08-2016. Que non se publican porque puidesen ter informacions que vulneren a lei de protección de datos, pero que se atopan a disposición no concello.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Pinto, de A.V., preguntando ó Alcalde sobre o tema da limpeza e desbroce das fincas particulares.

O Sr. Alcalde respóndelle que avísase por escrito a aqueles propietarios que non cumbran coa súa obriga de limpar e desbrozar as fincas, e se non cumpren mandarase a unha empresa para que o faga repercutindo os custos ós propietarios.

O Sr. Pinto tamén pregunta se nos desprendementos en certas casas de Vilamartín non se podían adoptar outras medidas aparte de por cintas na vía pública.

O Sr. Alcalde contesta que esa medida foi considerada suficiente polo técnico asesor do Concello.

Tamén alude o Sr. Pinto á estrada de Robledo-San Vicente que co mal tempo adóitanse producir cortes e derrubamentos na vía.

O Alcalde di que a solución a ese problema non é nada fácil e é moi costosa, pero que vaise estudialo tema co técnico municipal a ver que se pode facer.

Seguidamente o Sr. Pinto expón que na celebración da Ruta das Covas orixináronse molestias ós veciños e cortes de vías e rúas de Vilamartín, e pensa que ese non é sitio de facer a festa, existindo a posibilidade de realizala noutra ubicación que orixine menos molestias como a zona do Malecón.

O Sr. Alcalde responde que o lugar onde se realiza é a petición dos propios coveiros, e que xa leva varios anos celebrándose alí e con cortes das rúas; pero qe se esa ubicación faise pequena tratarase de solucionarse para os próximos anos.

Por último, o Sr. Pinto roga ó Sr. Alcalde que na medida do posible manteña á orde ao público que asiste ó Pleno.



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

O Sr. Alcalde replícalle que non lle parece que ese comentario sexa moi oportuno e que esto non é un galiñeiro.

E sobre este tema o Sr. Deramond aclara que o que do que se trata é de que os veciños poidan ter un mecanismo de participación nos Plenos do Concello, pero non de poida falar calquera en calquer momento ni interrompir o transcurso das sesións.

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 20:06 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo.: Enrique Alvarez Barreiro

Asdo.: Rodrigo Blanco Nóvoa